



Los seis anclajes para la reconciliación. Guía metodológica para la transformación de conflictos

Javier Sánchez Villegas. María Cancelo. Itziar Errandonea.

Miryam Aranzadi. Elías López sj.

Ed. Sal Terrae. Grupo de Comunicación Loyola. Santander 2023

O noso mundo está necesitado de perdón e de reconciliación. Hai moita ruptura nas relacións familiares, laborais, eclesiais... Podemos dicir sen caer na esaxeración que onde hai persoas humanas, relacións interpersoais, grupos, asociacións, comunidades, dáse o conflito, a división e separación e chegamos a ter sociedades fragmentadas.

Os medios de comunicación, o mundo dixital, ás veces aparecen tamén con gran polarización e crispación. Os temas son complexos e non temos moitos instrumentos para facer fronte a un mundo que cambia a ritmo vertixinoso.

E no fondo do corazón humano latexa un desexo de paz, de vivir en calma e en boa harmonía con un mesmo, cos demais, coa creación, coa transcendencia, como lles gusta dicir aos nosos irmáns

e ás nosas irmás aborixes e que con tanta forza me marcaron no Sínodo da Amazonía.

Por iso, que apareza un libro como o que presentamos é un agasallo, atreveríame a dicir que un don histórico, porque é unha sucesión de elementos que chegan nesta etapa do noso mundo que describín superficialmente ao comezo desta nota.

A palabra *anclajes* (ancoraxes) no título fálanos de elementos fixos, que nos dan base, sentido, chan... que poñen fundamento á nosa vida, que nos indican cal é o sentido e a dirección que queremos dar, como construímos a nosa casa, sobre rocha ou sobre area, facéndonos eco da referencia evanxélica, como estamos ancorados, quen ou que nos sostén, quen leva o temón da nosa barca e cales son os ventos que nos impulsan.

Pero estas seis ancoraxes á súa vez susténtanse nunha experiencia espiritual fundadora que son os Exercicios Espirituais de santo Ignacio de Loiola que el realizou e que nos deixou como herdanza espiritual.

Os autores preséntannos o Principio e Fundamento e a Contemplación para alcanzar Amor, como primeira e última ancoraxe, e no medio as catro restantes correspondentes a cada unha das catro semanas do mes de Exercicios.

Obviamente este proceso arrinca da persoa que somos cada unha e cada un, preguntándonos polos nosos sentimentos, desexos, proxectos... tomar o pulso ao noso mundo interior para mirarnos e redescubrirnos os anhelos e afectos do noso corazón, como está a nosa liberdade, a capacidade de tomar decisións e asumir consecuencias, a voz da propia conciencia...

E desde aí entramos en diálogo cos demais, co mundo, con Deus. O itinerario marca tempos de «grupiños», é dicir, compartir con outras dúas persoas o que vou descubriendo no meu corazón á luz de Deus.

A escoita profunda, a interacción, o contacto físico, dános pautas recíprocas dos nosos movementos interiores. O compartir en conversación espiritual tamén no grupo grande vai posibilitando o descubrimento de nosa propia verdade.

Non está ausente do itinerario o discernimento como ferramenta transversal dos Exercicios e da espiritualidade ignaciana. Tampouco o rexistro que se recomenda ao final de cada exercicio cunhas sinxelas pero profundas preguntas.

Como subtítulo, que consideramos moi importante, o libro é unha guía metodolóxica para a transformación de conflitos, os cales se dan nas relacións humanas. Pero ofrécennos ferramentas para abordalos e poder superalos.

Réstame soamente, por tanto, recomendar a experiencia. Non é un libro para ser lido senón para ser aplicado á vida de persoas e grupos.

E agradecer vivamente ao equipo por este esforzo de recoller de modo admirable a presente guía.

María Luisa Berzosa González

Traduciu: Chema Felpeto